

# BANDO

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS  
FAI SABER

**OBRIGA DE CORTA DE ARBORES NAS PISTAS MUNICIPAIS  
POR PERIGO DE CAIDA DAS ARBORES QUEIMADAS**

Os incendios que en outubro de 2017 asolaron unha grande parte dos montes do territorio de Salceda de Caselas deixaron ducias de árbores queimadas que incumpren diversas obrigas e que poñen en risco a seguridade das persoas pola súa cercanía aos viais públicos e polo perigo de caída que conlevan sobre os mesmos.

Nos últimos tempos, coa chegada de cicloxéneseis e temporais, son xa varias as árbores caídas sobre os viais públicos, resultando urxente a súa corta para evitar que se poidan producir males maiores.

**Lémbrese a obriga tanto por parte das comunidades de montes como por parte dos propietarios e propietarias individuais de cumprir coa lexislación vixente, baixo pena de sancións económicas** naqueles casos nos que non se cumplan as distancias establecidas, polo que se solicita a regularización inmediata desta situación coa corta das árbores que non cumplan cos artigos mencionados.

Así mesmo, **lémbrese que, en caso de producírense danos materiais e/ou persoais pola caída destas árbores, a responsabilidade recae sobre o propietario ou propietaria das mesmas.**

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no seu anexo II establece as **distancias mínimas que o arborado debe gardar con respecto ás pistas municipais, sendo de 4 metros para as especies frondosas e de 10 metros para piñeiros, acacias e eucaliptos,** a contar dende o límite do dominio público.

A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu artigo 135 establece que os propietarios e propietarias de toda clase de terreos deberán conservalos nas condicións legais de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles. Obriga que se recolle tamén no artigo 16 da Ordenanza reguladora da limpeza viaria e ornato público do Concello de Salceda de Caselas.

O que se fai público para o seu coñecemento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Salceda de Caselas, a 07 de novembro de 2019

